

# Presentan en Melide el último número de la Revista Galega de Educación

El Correo Gallego  
10/01/12

**DIVULGACIÓN** La asociación Nova Escola Galega presentará el viernes, a partir de las 20.00 horas en el edificio multiusos del Concello de Melide, el último número de la Revista Galega de Educación.

El motivo de escoger la capital melidense para realizar la primera de las presentaciones de esta publicación cuatrimestral es la temática de la sección monográfica de este número, ya que trata sobre los juguetes tradicionales

e “Melide está considerado como un dos lugares de referencia deste tipo de xogos”, tal y como indica Paco Veiga, miembro de la Asociación Galega de Xogos Populares e Tradicionais, con sede en este mismo municipio. En dicho monográfico, que coordinan los expertos y profesores José Manuel García Fernández y Xosé López González, ofrece “arredor dunha ducia de artigos nos que se presentan distintos xoguetes tra-

dicionais”. Entre ellos se encuentra uno del presidente de la Asociación Europea de Juegos y Deportes Tradicionales, Guy Jaouen, así como expertos de la talla de Fernando Maestro, del Museo de Juegos Tradicionales de Campo (Huesca) o Antón Cortizas, uno de los mayores especialistas de Galicia en la materia y que tiene en proyecto la creación de una enciclopedia sobre los juguetes más tradicionales. **S.FORMOSO**

# Revista educativa con juegos tradicionales

La Voz de Galicia  
11/01/12

El edificio multiusos de Melide acogerá el próximo día 13, a partir de las ocho de la tarde, la presentación del número 51 de la «Revista Galega de Educación», que aborda como tema principal los juguetes tradicionales. La Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional colabora habitualmente con la publicación, impulsada por el movimiento de renovación pedagógica Nova Escola Galega.



El Correo Gallego  
15/01/12

## Presentada la revista de educación

**MELIDE** La alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, presidió el acto de presentación de la Revista Galega de Educación, que cumple 25 años, y que dedica el nº51 de la misma a juguetes tradicionales. El acto fue organizado por la Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. c.g.

# La Revista Galega de Educación saca un número especial por su 25º aniversario

Melide

El Progreso  
16/01/12

## REDACCIÓN

✉ provincia@elprogreso.es

LUGO. La Revista Galega de Educación, editada por Nova Escola Galega, cumple 25 años y celebra su trayectoria con un número especial que fue presentado en Melide.

Se trata del ejemplar número 50, un recopilatorio de los artículos y trabajos más destacados de los números anteriores. Los promotores de esta publicación quieren así «actualizar os recursos que a revista ofrece aos profesionais da educación».

**JUEGOS.** Esta edición especial se publica casi simultáneamente con el número siguiente, el 51, que incluye un monográfico sobre los juguetes tradicionales.

La elección de Melide para la presentación no fue casual, pues su comarca es uno de los focos más dinámicos en la recuperación de los juegos tradicionales gallegos. Miembros de la Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional participaron en la presentación, así como la alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez.

La revista incluye colaboraciones de destacados estudiosos gallegos, pero también de especialistas bretones, portugueses, valencianos, catalanes y aragoneses.

# Melide acogió la presentación del último número de la Revista Galega de Educación

Tierras de Santiago  
17/01/12

❑ El tema principal del monográfico de esta edición son los juguetes tradicionales

**MELIDE. J. RODRÍGUEZ**

El edificio multiusos de Melide acogió el pasado viernes la presentación del último número de la Revista Galega de Educación, una publicación a nivel autonómico que se distribuye por todos los centros educativos. El motivo de escoger la capital melidense para esta primera presentación de la revista (que se dará a conocer en otros municipios en próxi-

mas fechas) es la vinculación del municipio con el tema del monográfico de este número: los juguetes tradicionales. Y es que “Melide está considerado como un dos lugares de referencia deste tipo de xogos”, tal y como indica Paco Veiga, miembro de la Asociación Galega de Xogos Populares e Tradicionais con sede en este mismo municipio.

El monográfico de este número 51 está coordinado por los expertos y profesores José Manuel García Fernández y Xosé López González. Ofrece “arredor dunha ducia de artigos nos que se presentan distintos xoguetes tradicionais”. Entre los textos in-

cluidos en la revista se encuentra uno del presidente de la Asociación Europea de Juegos y Deportes Tradicionales, Guy Jaouen, así como expertos de la talla de Fernando Maestro, del Museo de Juegos Tradicionales de Campo (Huesca) o Antón Cortizas, uno de los mayores especialistas de Galicia en la materia y que tiene en proyecto la creación de una enciclopedia sobre los juguetes más tradicionales.

Por otra parte, se presentará mañana en el Consello da Cultura Galega (11.30 horas) el nº50 de la Revista Galega de Educación, que habla sobre los 25 años de esta publicación.



Un momento del acto de presentación de la revista en Melide

MELIDE A Revista Galega de Educación presenta o seu número 50

## Un cuarto de século á procura da mellor Educación para Galicia



Desde a esquerda: Xan Méndez, Xosé Tomás Díaz, Ánxeles Vázquez, Fran Candia e Paco Veiga, na presentación da revista

*O número conmemorativo recompila os artigos das edicións precedentes e ofrece unha antoloxía de utilidade para os profesionais da educación. Á vez, presentouse o número 51, cunha monografía sobre o xoguete tradicional.*

O Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega escolleu Melide para presentar o número 50 da súa "Revista Galega de Educación", que xustamente este ano celebra o seu vixésimo quinto aniversario. Trátase dun número especial que recompila os artigos de todos os números precedentes e ofrece unha antoloxía de traballos publicados no seu día que aínda agora conservan plena actualidade.

Conmemoración, por tanto, pero tamén a vocación de utilidade para os

profesionais da educación que guía a publicación ao longo da súa historia. A revista viu a luz por primeira vez en 1986. Entón era trimestral e editábase Xerais. Ata 1997 tivo unha traxectoria doce, todo o doce que permitían as circunstancias. Pero a partir de aí entrou en crise de produción, que non de prestixio, e en 2000 a edición interrómpeuse, no número 33. Nova Escola Galega iniciou a partir de 2005 a súa segunda etapa.

O obxectivo da revista non variou moito desde os inicios, nalgúns aspectos ata se podería dicir que está máis lonxano. Os seus responsables presentána como "unha publicación independente que pula pola consecución dun sistema educativo galego, público, laico e democrático", que fai gala tamén da pluralidade e do uso do galego nun momento "crítico" para os medios de comunicación do país.

### XOGUETE TRADICIONAL

Case á par que o número 50, a Re-

vista Galega de Educación trae xa o 51, cunha monografía sobre os xoguetes tradicionais e a súa utilidade educativa actual. O número incorpora colaboracións dos especialistas Xosé López e Xosé Manuel García, coordinadores do monográfico, de Antón Cortizas, e de especialistas bretóns, portugueses, valencianos, cataláns e aragoneses, que abordan a cuestión desde diferentes ópticas.

É xustamente a recuperación deste patrimonio lúdico o que motivou a elección de Melide para presentar o número, nun acto organizado pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT) que presidiu a alcaldesa, Ánxeles Vázquez. E é que Melide e a súa área de influencia está considerado un dos focos máis dinámicos de recuperación dos xogos e xoguetes tradicionais galegos. Eses que xa en 1933 centraron un estudo do patrimonio lúdico tradicional de Vicente Risco, publicado polo Seminario de Estudos Galegos en "Terra de Melide".

## Os paxariños da montaña



O noso paxariño anda abraiado, co pico aberto tres palmos. Imaxínade a escea, que do escenario xa sabedes. Elección de xuíz, con catro candidatos, dous vinculados ás gaivotas, unha á esquerda e o cuarto que non era outro que o cuquiño "cámaras". O guión parecía escrito en favor das gaivotas, con vínculo no goberno, pero unha sacou un cero, a outra un, o cuco "cámaras" tres -os seus non fallaron... E saíu unha xuiza, con catro votos, os das pitas de monte e dúas gaivotas engadidas. Sobran comentarios...



Sobran pero hainos. O estorniño xa escoitou de todo. A xente da zona xa pensa se non haberá unha ruptura no goberno, se incluso se conformou xa unha pinza entre pitas e gaivotas, se xa teñen para montar un tendal enteiro... Ben é certo que o tempo dirá canto hai de certo. O noso estorniño non cre que haxa nada de nada, pero xa é veterano dabondo como para ter visto desplumar paxaros máis gordos.



Outra. Nunha asociación da terra do queixo queren ampliar directiva. Teñen unha fichaxe en mente, pero a señora do paisano non lle deixa asinar. Están á espera da fichaxe, que caerá, caerá...



Pensades que non enviamos á pomba mensaxeira a Santiago e a Sevilla? Pois si enviamos. E viron as caras de moitos tras as votacións entre roseiras. Uns non disimulan o seu contento e outros pensan, literalmente: merdiñaaaaa! Con perdón.



**Concello  
de Boimorto**

**Velamos polo  
benestar da xente**

# Preséntase en Melide o número 51 da Revista Galega de Educación

Está dedicado aos xoguetes tradicionais, un campo no que a vila é o referente de toda Galicia

CERNE  
Febreiro, 2012

Melide foi o lugar escollido para a presentación do número 51 da Revista Galega de Educación, dedicado aos xoguetes tradicionais e á súa utilidade nos tempos de hoxe. O movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, quen edita a publicación, elixiu a Terra de Melide para o lanzamento do seu último número por ser “un dos focos máis dinámicos de recuperación dos xogos e xoguetes tradicionais galegos”.

Na mesma idea coincidiu Paco Veiga, membro da Asociación Galega do Xogo Popular, durante a presentación da revista no Edificio Multiusos. Veiga asegurou que Melide foi un dos primeiros lugares en traballar pola recuperación do patrimonio lúdico galego e sinalou que continúa a ser “un referente” neste campo.

Recordou ademais que os xogos populares da Terra de Melide foron xa obxecto de investigación en 1933, cando o



Acto de presentación da revista no Edificio Multiusos

Seminario de Estudos Galegos publicou no volume titulado Terra de Melide un estudo sobre o patrimonio lúdico tradicional da comarca. A publicación foi da autoría de Vicente Risco e contou coa participación de grandes figuras da cultura galega como Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Antón Fraguas, Lois Tobío ou o polígrafo Ben-Cho-Shey.

Paco Veiga tamén destacou a colaboración do Concello de Melide coa Asociación Galega do Xogo Popular e sinalou que “sempre nos arroupou, independentemente da cor política do goberno”. Pola súa parte, a alcaldesa do municipio, Ánxeles Vázquez, convidou tanto á

asociación do xogo como á Nova Escola Galega a “seguir amosándolle aos máis cativos eses xogos fantásticos nos que non só se pelexan cunha máquina, porque de maneira colectiva faise unha infancia máis feliz”.

O número 51 da Revista Galega de Educación aborda o patrimonio lúdico dende diferentes ópticas e conta coa colaboración de especialistas bretóns, aragoneses, cataláns, valencianos e portugueses, ademais dos galegos. Con esta revista a Nova Escola Galega retoma as publicacións ordinarias despois dos contidos especiais do número 50 con motivo da celebración do seu vinte e cinco aniversario.